

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

ABRIL MAIO
XUÑO 2023

Nº 57

ABRACA DABRA

UNHA DE REFRÁNS

PASATEMPOS

GALERÍA

RECEITA

QUE HAI DE NOVO?



**Deputación
DA CORUÑA**

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Onde estaba iso? Ten que andar por aquí... Vexamos... Aí o está!!! Atopeino!!! Como diría miña avoa: O que garda sempre ten!!! A verdade é que miña avoa ten moitos ditos moi sabios... Ah!!! Ola!!! Estabades aí? Seguro que non adiviñades en que estaba a pensar... Pista: a miña avoa sabe unha chea! Si? Tédelo? A bo entendedor poucas palabras... Pois resulta que me puxen a buscar... xa me estou indo polas ramas... que máis dá o que estivese a buscar, o importante é que foi atopalo e empezar a virme á cabeza unha chea de refráns. Foi cuestión de segundos, pero xa se sabe, polo fío sácase o nobelo, e uns leváronme a outros, e a outros, e a outros,... e agora non podo parar. Vai ser verdade iso de que comer e rascar todo é empezar. E o certo é que me vén bastante mal poñerme a divagar porque teño moitos traballos que facer para a escola, e xa sabedes que sempre sigo a regra de non deixar para mañá o que poidas facer hoxe. Aínda que é igual de certo que non se pode dicir desta auga non beberei, e como sempre hai unha primeira vez para todo, vai ser esta. Porque mira, a ninguén lle amarga un doce e non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe, así que con calma que mañá será outro día, e só se vive unha vez.

Perfecto. Fagamos, daquela, unha paréntese e deixemos a escola para máis adiante.

Onde estabamos? Ah! Si! Os refráns... que son os refráns? Podemos mirar nun montón de sitios para contestar esta pregunta, pero, se temos en conta que aínda que todos os camiños levan a Roma, algúns son máis curtos que outros, o máis doado é acudir ao dicionario. Pois ben, segundo a RAG, un refrán é unha "frase curta de forma fixa coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia, polo xeral con rima e de sentido figurado". Chéganos esta información? A min, nestes casos gústame acudir a unha segunda fonte, e tratándose do tema que se trata, paréceme unha boa idea recorrer ao Quixote, quen no capítulo XXI da primeira parte, dille a Sancho: "Paréceme, Sancho, que no hay refrán que no sea verdadero, porque todos son sentencias sacadas de la misma experiencia, madre de las ciencias todas". Así que... segundo isto, a miña avoa é científica e poeta... Non está nada mal para unha avoa... E, como de tal pau tal acha, e quen a boa árbore se arrima boa sombra o acubilla, aproveitarei o tempo que pase con ela. De todos os xeitos, estou a pensar que iso de que a experiencia é a nai de todas as ciencias... vese que non contemplaron a mecánica cuántica... Xa me vou outra vez polas ramas... unha corroboración máis de que a cabra sempre tira ao monte. Non sen razón, dime sempre a miña avoa, sabía como é, iso de coñézote bacallau aínda que veñas disfrazado... Pero é que son así... e, aínda que digan que non hai refrán vello que non sexa verdadeiro, seica non teño razón ao pensar que a novos tempos, novos consellos? Pois iso. Ademais, non se pode facer caso a todo o que che din porque despois atópaste con contradicións tipo: a quen madruga Deus axúdalle e non por moito madrugar amence máis temperán. Ou, pensa mal e acertarás, e pensa o ladrón que todos son da súa condición. Ou, máis vale paxaro en man que cento voando, e quen non arrisca non gaña. Ou, a cara é o espello da alma, e as aparencias enganan... A quen lle fas caso? Non, se ao final tanto ten Xan coma Perillán...

Ahhh! Estame chamando a miña nai para que me poña dunha vez cos deberes e non está o forno para bolos. Ademais, á miña nai non lle vai nada iso de que hai máis días que longaínzas, así que como quen ten cu ten medo creo que voulle facer caso sen protestar, que en boca pechada non entran moscas. E lembrade, se sabedes algún refrán chulo deixádemolo na sección Xuvenil da Biblioteca, por favor, que o incorporarei ao meu recentemente estreado caderno de refráns.

Vémonos no próximo número!!!

Por aquí deixámosvos máis refráns, que podedes empregar no longo do todo ano

Cando chove en febreiro todo o ano é temporeiro

Auga en marzo, pan todo o ano

Lúa nova con tronada, trinta días de mollada

Ceo pedrento, ou choiva ou vento

Mal tempo no seu tempo é bo tempo

Gaivotas á terra, mariñeiros á merda

Despois de Santa Lucía, baixa a noite e medra o día

En febreiro sete capas e un sombreiro

Marzo marzán, pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can

Se en marzo canta a ra, en maio xa calará

Quen en san Miguel planta, un ano adianta

Por San Xoán a sardiña molla o pan



PASATEMPOS

Empezamos cos chistes que tanto vos gustan para pasar un intre divertido:

Entra un hombre en una biblioteca y le pregunta al bibliotecario: — Perdone, ¿dónde está la sección de libros sobre el sentido del gusto?
El bibliotecario le contesta: — Lo siento, sobre gustos no hay nada escrito.

¿Sabes por qué no se puede discutir con un DJ? Porque siempre están cambiando de tema.


¿Qué hace un pez mago?
Nada por aquí, nada por allá

— ¡Capitán, capitán! Están a punto de atacarnos 40 carabelas.
— ¿Una flota?
— No, flotan todas.

La mayor exportación de Australia son los boomerangs. También son la mayor importación.

— Cariño, ¿dónde están los niños?
— En inglés
— En serio... "Darling, where are the kids!?"

Gústanvos os labirintos? Pois a ver se sodes quen de dar coa saída deste.




E para rematar, propoñémosvos atopar as 7 diferenzas deste xardín primaveral:



GALERÍA

Despois de 3 anos... volvemos xogar xuntos á play station!!! e continúan as celebracións e actividades na biblioteca!!!



RECEITA

E para todos os que sodes de bo dente, larpeiros! deixámosvos esta rica receita, que como di o refrán “comer e rañar, todo é empezar”.

Eu probeina e quedei coma un Pepe!



Unha vez frío, podes abrílo e poñerlle un recheo de tona montada ou crema pasteleira.

Roscón de chocolate

laborioso • catro persoas • 2 horas + 30 minutos

Necesitas

- 1 mesa onde amasar
- 1 forno
- 1 pano

Ingredientes


- 500 g de fariña
- 40 g de cacao en po
- 3 ovos
- Medio litro de leite
- Medio litro de auga
- 5 g de sal
- Reladura dun limón
- 20 g de fermento de pan
- 100 g de manteiga en pomada
- 100 g de améndoas picada
- 100 g de de froitas confeitadas

1. Sobre a mesa, fai un volcán coa fariña deixando un oco no centro.
2. Nese oco, bota o cacao, dous ovos, o leite, a auga, o sal, a reladura de limón, o fermento e a manteiga.
3. Agora toca amasar até conseguir unha masa consistente.
4. E despois, déixaa repousar tapada cun pano durante media hora.
5. Logo, dálle forma de bola, faille un burato no interior e déixaa repousar outra hora máis, sen tapar desta vez.
6. Bate un ovo e pinta con el o roscón. Engádelle por riba a améndoas, as froitas e o azucre.
7. Méteo ao forno durante 35 minutos a 180 °C



Esta receita podedes atopala no libro “Chocolates: divertidos, fáciles, creativos” e se quedades con ganas de máis, tamén podedes consultar os outros libros desta colección “Cociña infantil e familiar” dispoñibles na sección xuvenil (641.5 COC / a)

SOLUCIÓNS DOS PASATEMOS



QUE HAI DE NOVO...?

* **CELEBRACIÓNS.** Nestes meses na Biblioteca temos unha chea de celebracións: en **abril**, o **2 de abril** “Día internacional do libro infantil” e o **23** “Día do libro”. En **maio**, o **17** “Día das Letras Galegas”. Celebrámoslos con talleres para todas as idades. Esperámosvos!

* 2ª edición do **CLUB DA RAÍÑA LUPA**. Baixo o lema ‘**Non hai idade, hai literatura**’, este club está aberto tanto ao público máis novo como a calquera persoa adulta -nais, pais, irmáns, docentes...que desexe compartir experiencia lectora cos máis novos e novas. 6 sesións onde participarán destacadas autoras e autores da LIX en galego.

* **XI CONCURSO PALABRAS DE AMOR “#140ENPOSITIVO”** Buscamos mensaxes positivas que nos impulsen e melloren no noso día a día, palabras de ánimo e apoio para compartir e animar a diferentes idades. **Dúas categorías: de 7 a 11 anos e de 12 a 18 anos.** Podes participar deixándoa na Biblioteca ou nas nosas redes sociais. Infórmate na Biblioteca.

* **OBRADOIROS DE PINTURA.** En vacacións de verán organizamos, un ano máis, os **talleres de pintura**, impartidos por **Luisa Valdés**. Escolle unha semana das vacacións **en horario de 11:00 a 13:00 h.** Comeza o prazo de inscrición no mes de xuño. Infórmate na biblioteca ou consulta na páxina web no apartado de actividades.

* **Faite colaborador/a da nosa revista ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaa na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede



Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña.
Tfno: 981 080 171
Depósito Legal: C 4802-2008

